

Comentarios recollidos do [blog da Biblioteca](#) do IES Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. O libro é interesante e entretido. Relata unha serie de pequenas historias, que non teñen case nada en común unhas coas outras; sen embargo todas reflicten situacións e sentimentos da vida real, que nun momento ou noutro, lles suceden ás persoas. Gustáronme as historias que no libro se contan, especialmente o relato chamado "A Figura", que me pareceu moi interesante. E tamén me gustoume "O Cachoupas". Este libro o recomendo á xente que lle guste ler libros sobre os sentimentos das persoas. **(José Manuel)**

2. A min este libro gustoume moito. Son varias historias e todas elas son entretidas. A que máis me gustou foi unha titulada "o Cachoupas" que trata dun rapaz que segue a un home que para el era misterioso pola súa forma de ser e que, desde que un día o escoitou recitar unha poesía, quedou con ganas de coñecer todo sobre el ... Dos libros que lín, este é o que máis me gusta. Recomendolle este libro a todas as persoas pero sobre todo ás persoas que lles gusten libros que amosen os sentimentos dos personaxes. **(Rafael)**

3. Este libro é moi entretido, paréceseme moito a un libro que lera en 1º que se chama *Anuncios por palabras* e o recomendo a todas as persoas para que se rían un anaco. **(Sergio)**

4. É un bo libro, non é do meus favoritos pero está moi ben e o recomendo a toda a xente que lle gusten os relatos breves pero interesantes **(Benjamin)**

5. Este libro a min gustoume, quizais un pouco curto, pero polo demais está moi ben. De todas as historietas do libro gustoume a titulada 'A Figura' Que trataba dunha rapaza que desde pequena gustáballe unha figura dun vello que vira no escaparate dunha tenda. As pais da rapaza non lles parecía normal que a nena lles pedira esa figuríña como regalo ... Eu recoméndolle a todos os lectores este libro, non vos vaiades arrepentir e lelo! **(Lara)**

6. É un libro que contén diversos contos, ningún deles me pareceume demasiado entretido. O conto que máis me gustou é o chamado: "A figura" porque demostra o obsesiva que pode chegar a ser a xente. **(Andrea)**

7. O conto gustoume bastante. Conta varios relatos de sucesos que che poden ocorrer a ti . O 1ºvai dun neno, adolescente, que é un marxinado e lle encanta catar música, e se mete nun grupo de música e vai a un concerto. O 2º dun home que canta e recita poesía e dun neno que é moi curioso e quere descubrir máis cousas do vello. O 3º dunha estatua que hai nun local e unha nena que quere compralo. O 4º dun neno que fala co seu avó sobre a súa vida e por último unha nena que fala de todo coa súa avoa ata que lle dá un`chungo´e ... **(Pablo)**

8. Este libro pereceume un dos que podes atopar en calquera sitio porque é como un máis de todos os que hai por alí. Nunca me gustaron os libros que teñen varios relatos curtos porque en tan pouco non che dá tempo a meterte na historia. Todas as historias, menos a primeira, tratan de nenos que se preocupan por a xente vella. O personaxe da primeira historia parécese un tolo e a da historia da figura tamén. O personaxe máis normal e o que máis me gustou foi o neno da historia "O cadro". Tamén esa historia foi a que máis me gustou porque ó ser longa deume tempo a sentila. **(David)**

9. Para empezar, este libro ten historias diferentes, sobre unhas 4 ou 5. A verdade e que non é un libro divertido, máis ben un pouco dramático e triste para a miña opinión. A min a historia que máis me gustou é dunha rapaza que lle colle moito cariño a unha escultura de barro que hai nunha tenda de antigüidades. Esta rapaza tiña un boneco de "Mickey Mouse" e ela rompeuno porque non quería ser máis unha nena. Ela e unha amiga estaban namoradas de ... Que

pasaría? Queres sabelo? Pois le este libro! Entristecerache o corazón pero hache de gustar.
Recoméndocho, non é moi longo e ten a letra grande. **(Alejandro)**
